

PLAN DE CONTINXENCIA DO IES PLURILINGÜE CASTRO DA UZ



Índice

Introdución.....	3
Actuacións previas diante da aparición dun abrocho	3
Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial	5
Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial	6
Plan de actuación para a atención virtual do alumnado vulnerable	7
Anexo I	9

Introdución

O Plan de Continxencia do IES Plurilingüe Castro da Uz ten por finalidade establecer os procesos para facer efectivo o ensino a distancia e o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro. Trátase dun plan elaborado polo equipo directivo, seguindo as directrices marcadas pola Consellería e, adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica.

Actuacións previas diante da aparición dun abrocho

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con Covid-19**, así como aqueles que se atopen en **illamento por diagnóstico de Covid-19**, en **período de corentena domiciliaria** por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19 ou **procedan de países categorizados de risco** nese momento, aínda de ter o resultado negativo da proba diagnóstica de PCR. Tampouco acudirán aos centros as persoas **en espera de resultado de PCR** por sospeita clínica.
2. Diante dun suposto no que unha persoa da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos", e das Instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude das mesmas: Levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas neste Plan de Continxencia e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación "EduCovid" para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
3. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade



de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
 - As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid-19.
 - En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.
4. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
5. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación deste Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
6. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as



medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

1. A dirección do centro, en coordinación co equipo docente do grupo de alumnos, elaborará un horario semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.
2. Estes horarios deberán ser aprobados provisionalmente pola dirección do centro e remitidos á inspección educativa para a súa supervisión e autorización definitiva.
3. Os horarios aprobados provisionalmente pola dirección do centro incorpóranse a este Plan de Continxencia, serán comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do/a titor/a do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro.
4. O profesorado de cada área, ámbito, materia ou modulo e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos (Webex ou Falemos) á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado como Anexo-II a este Plan de Continxencia do centro.
5. Establécese o proceso e o momento de conexión, que debe ser coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo establecido no referido cadro horario.
6. O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.
7. O/a titor/a informará aos pais nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o/a profesor/a mediante o Xade, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.
8. A orientadora do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores/as ou dos pais/nais ou

titores legais do alumnado.

9. Xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, de acordo co modelo que se achega (Anexo-I)
10. Na distribución horaria semanal figura unha sesión de titoría para alumnado, e unha sesión de titoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias.
11. Realizarase a adaptación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) para o desenvolvemento do actividade de ensino-aprendizaxe no ensino a distancia a fin de acadar un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.
12. Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia, compre que o profesorado e o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian a empregar, e así mesmo que aos pais/nais ou representantes legais teñan toda a información para que podan apoiar ao alumnado no proceso. Para tal efecto:
 - a. A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que todo o profesorado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias ou representantes legais, así como o uso efectivo da aula virtual.
 - b. O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.
 - c. O/a titor/a de cada grupo de alumnado proporcionarlle información aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información aos pais/nais ou representantes legais realizarase de xeito telemático, preferentemente a través de AbalarMobil.

Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

Finalizado o período de peche da aula, nivel educativo ou centro, realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial seguindo as instrucións marcadas polas autoridades sanitarias.



Plan de actuación para a atención virtual do alumnado vulnerable

O equipo docente está a empregar distintas ferramentas para a formación online, tales como a aula virtual, vídeos titoriais, correo electrónico e sistemas de videoconferencia como Cisco Webex aula virtual, correo electrónico, videoconferencias a través de Cisco Webex. Todo o profesorado encargase do seguimento da súa materia, a través do horario correspondente ao seu grupo de referencia sendo os primeiros 30 minutos telemáticos e os 20 seguintes de traballo persoal a través da aula virtual. (Enlace a horarios espello).

O profesorado de AL, PT, ARCO e PROA +; en coordinación coas persoas titoras e o departamento de orientación, seguirá a atender ao alumnado con NEE de Apoio facendo uso das ferramentas e horarios antes citados.

Para o correcto uso destas ferramentas procederase a realizar sesións de práctica desde as titorías e xunto coas persoas docentes que apoian as NEE correspondentes.

RECURSOS.

Procederase de novo a revisar os recursos do alumnado, obxecto deste plan de actuación, para garantir o ensino virtual, sabendo que se precisa un equipo informático con conexión a internet, unha webcam, auriculares e un micrófono. No caso de non dispoñer deste equipo seguirase o procedemento establecido para a Xestión do equipamento dixital COVID-19, tal e como se recolle nas Instrucións do 18 de febreiro do 2021.

ADECUACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS E AC.

As programación dos diferentes Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das familias na páxina web do centro (enlace). O alumnado que ten aprobada a AC por parte de Inspección Educativa, conta con material específico deseñado polo profesorado da materia en cuestión, colaborando coa especialista en Pedagogía Terapéutica e o Departamento de Orientación.

COORDINACIÓN EQUIPOS DOCENTES.

Estableceranse as oportunas reunións de coordinación dos equipos docentes de cada grupo aula, coordinados polo Departamento de Orientación cos seguintes obxectivos:

- Supervisión do desenvolvemento de tarefas, establecendo pautas; axustar tempos de traballo, ofrecer apoios guías ou videotitoriais, etc.



- Compartir información sobre o alumnado: benestar emocional do alumno/a e a súa familia, dificultades atopadas polo emprego das TICS no proceso de ensinanza- aprendizaxe, resultados acadados, necesidades detectadas...
- Evitar a sobrecargas e duplicación de tarefas.
- Fixar criterios comúns para a avaliación e o seguimento do traballo telemático realizado.
- Asesoramento ao equipo docente da elaboración e posta en práctica da avaliación educativa.
- Adaptación dos tempos de intervención de PT e AL.
- Orientación nos cambios metodolóxicos cara á metaaprendizaxe e a metaavaliación.
- Orientación á auxiliar coidadora de cara á súa participación telemática.

Neste labor de coordinación contarase en todo momento coa implicación da familia por medio dos diferentes canles de comunicación:

- correo electrónico: **orientación.iescastrodauz@gmail.com**
- Teléfono do D.O: **881930008**
- Aplicación **Abarlarmobil**.



Anexo II

Horarios de profesorado e alumnado.